



Facultade de Filoloxía

MEMORIA ANUAL

ANO 2018

SUMARIO

A. Inicio do curso e titulacións

B. Accións desenvolvidas para a garantía de calidade nas titulacións impartidas no centro

1. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)

C. Accións relativas ás infraestruturas e servizos

1. Adquisición de material informático e audiovisual
2. Actuacións xerais

D. Accións desenvolvidas polo comité ambiental

E. Accións desenvolvidas no ámbito da extensión universitaria

1. Actividades organizadas pola CEEU
 - 1.1. Premio literario
 - 1.2. Letras Galegas
 - 1.3. Despedida das promocións
2. Actividades organizadas polo profesorado
3. Outras actividades

F. Estado actual e actividades do servizo de biblioteca

1. Fondos
2. Persoas usuarias e sistema de empréstimos
3. Persoal e bolsas de colaboración
4. Instalacións e equipamentos
5. Traballos no RUC
6. Tarefas desenvolvidas na biblioteca
 - 6.1. Traballo técnico
 - 6.2. Servizo de apoio á investigación
 - 6.3. Formación
 - 6.4. Outras actividades

G. Mobilidade e internacionalización

1. Visitas de profesorado doutras universidades
2. Profesorado participante da facultade
3. Alumnado implicado nos programas
4. Labores de divulgación
5. Convenios

A. INICIO DO CURSO E TITULACIÓN

Para alén das titulacións tradicionalmente ofertadas polo centro (graos e mestrados), o curso 2015-2016 caracterizouse pola implantación dos programas de simultaneidade, ao paso que o ano 2016-2017 supuxo o definitivo asentamento deles. Con estas posibilidades de titulacións, unha persoa, matriculándose xa no primeiro curso ou até accedendo no terceiro, pode estudar 324 créditos e conseguir no remate dous títulos de grao dos que hai na facultade en tan só cinco anos (Grao en Español: Estudos Linguísticos e Literarios & Grao en Galego e Portugués: Estudos Linguísticos e Literarios; Grao en Español: Estudos Linguísticos e Literarios & Grao en Inglés: Estudos Linguísticos e Literarios; Grao en Galego e Portugués: Estudos Linguísticos e Literarios & Grao en Inglés: Estudos Linguísticos e Literarios).

Esta oportunidade de cursar estudos de filoloxía, aprobada na Xunta de Facultade na súa reunión ordinaria de 24.02.2015 para despois ser incluída na oferta da CIUG, tivo, no xeral, unha moito boa acollida e fixo que a matrícula aumentase de maneira notábel. Os datos verifican non só un acrecentamento das cifras de matrícula, mais tamén un aumento da media das cualificacións entre o estudantado que accedeu aos programas de simultaneidade, tal como acontecera xa no curso 2016-2017. Na tabela a seguir recóllense os datos globais de matrícula feitos públicos na Xunta de Facultade, celebrada en 05.11.2018:

Titulación	Vagas convocadas	Persoas matriculadas 1º vez
Grao en Inglés	100	79
Grao en Español	30	20
Grao en Galego e Portugués	40	8
PS Inglés & Español	20	30
PS Inglés & Galego e Portugués	5	5
PS Español & Galego e Portugués	5	3
Mestrado Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (MEIAA / IMAES)	13	12 ¹
Mestrado en Lingüística Aplicada (MILA)	10	6
Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade (MLCD)	20	17 ²
TOTAL	233	176

Tabela I

Datos de matrícula do curso 2018-2019

Por seu turno, no curso 2015-2016 ofertouse por primeira vez na Facultade de Filoloxía a posibilidade de cursar unha dupla titulación internacional para o Grao en Inglés: Estudos Linguísticos e Literarios³, despois de se asinar un

¹ No caso dos mestrados interuniversitarios (IMAES, MILA), os datos proporcionados son unicamente os referidos á Facultade de Filoloxía da UDC.

² Estase á espera da incorporación de alumnado proveniente de Italia para se incorporar ao segundo cuadrimestre.

³ Accesíbel en http://www.udc.es/filo/estudiantes/mobilidade/doble_grao/index.html

convenio entre a UDC e University of South of Wales. Tal oferta mantívose nos cursos 2016-2017 e 2017-2018, ao entender que a internacionalización unha liña central da política da institución (*vid. infra*).

Relativamente á oferta académica do centro, vira tamén subliñábel a reimplantación, no curso 2016-2017, do Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade (MCLD), despois de ser suspendido no curso 2015-2016 por decisión unilateral do goberno da Xunta de Galiza ao non chegar ao número mínimo de matrícula (20 persoas). Após modificacións notábeis no seu programa de estudos (supresión do itinerario dedicado ao ámbito anglófono, docencia semipresencial concentrada en dous días á semana, ampliación do número de créditos no Traballo Fin de Mestrado (TFM) de 6 a 12, revisións da organización das materias e dos seus contidos, procura da máxima congruencia entre as unidades temáticas nas dúas especializacións restantes –ámbito galego-portugués e hispánico– etc.), o MCLD voltou a se ofertar e conseguiu ter unha matrícula exixida, o que garantiu que se puidese novamente contar con esta titulación para os cursos 2017-2018 e 2018-2019.

Deste mestrado, como tamén do Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, hai que ponderar a especificidade de seren as únicas titulacións universitarias no SUG que conteñen tanto na súa denominación como nos seus planos de estudo competencias e referencias explícitas ao portugués. Isto favorece o seu afortalezamento, tendo en conta o desenvolvemento da Iniciativa Lexislativa Popular “Valentín Paz Andrade”, causa directa da aprobación pola Xunta no ano 2014 da subsecuente disposición legal (*LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*)⁴; nela déixase de manifesto a necesidade de potenciamento dos vínculos entre galego e portugués para aquel “como lingua con utilidade internacional”, de forma a progredir no avance do “desenvolvemento social, cultural e económico” da Galiza.

Noutra orde de ideas, hai que sinalar que se celebraron as ABAU durante o mes de setembro, o que implicou que houbese que mudar unicamente neses días as salas de docencia para algunhas materias das titulacións de graos; relativamente a estas probas, está previsto que se realicen en xullo as que antes tiñan lugar en setembro, coas subsecuentes programacións que terán de ser feitas para os exames da 2ª oportunidade. Isto tamén podería afectar o funcionamento do grupo D, pensado nomeadamente para as persoas que se matriculaban nos meses de setembro e outubro. Tamén no mes de setembro foi aprobada a modificación do IMAES / MIEIAA no último Consello de Goberno (25.09.2018) e tamén no último Consello Social da UDC (10.10.2018). Finalmente, no momento de redixir esta Memoria, aínda se está á espera de as autoridades académicas se pronunciaren sobre a normativa de avaliación dos TFG, xa que envolve tamén a *Normativa de avaliación, revisión e reclamación ás cualificacións* da UDC.

⁴ Dispoñíbel en http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001_gl.pdf.

Outrosí, o inicio do segundo cuadrimestre do curso 2017-2018 tivo lugar sen o funcionamento do servizo de cafetería. A este respecto, contactouse desde o Decanato coa Xerencia da universidade e coa empresa Delivra, adxudicataria do servizo de máquinas expendedoras, para que desde o día 05.02.2018 estivesen en funcionamento no espazo da cafetería diversas máquinas expendedoras de bebidas frías e quentes, sandes, froita etc., cuxos prezos estarían reducidos sobre os que viñan sendo habituais, tamén no caso as máquinas expendedoras situadas no primeiro andar do edificio principal. Após diversas tentativas por parte da Sección de contratación e da Xerencia, estase presentemente á espera (xaneiro de 2019) de esa situación se resolver.

Xa en último lugar, cómpre lembrarmos que o inicio do curso 2018-2019 se produciu, lamentabelmente, coa baixa por falecemento da noso querido colega Xosé Álvaro Porto Dapena, profesor emérito pertencente á Área de Lingua Española que levaba vinculado á UDC desde 1997.

B. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA A GARANTÍA DE CALIDADE NAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NO CENTRO

As accións para avanzarmos na calidade das titulacións ofertadas no centro poden agruparse en dúas epígrafes básicas:

- (1) Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)
- (2) Programa de Acción Titorial (PAT)

1. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)

De forma a favorecer a mellora continua das titulacións impartidas na Universidade da Coruña e nomeadamente na Facultade de Filoloxía, garantindo un nivel de calidade que facilite a súa acreditación e a manutención dela, considérase necesario establecer un Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do centro. En harmonía coas indicacións emanadas das axencias avaliadoras, e en particular a ACSUG, o deseño e a implementación dun sistema capaz de garantir a calidade dos procedementos e prácticas de diverso tipo ligados aos labores docentes enforman un factor estratéxico básico para atinxirmos unha mellora continua dos títulos oficiais do SUG e, no caso que nos ocupa, das titulacións ofertadas no centro. Na mesma liña, a mellora permanente das competencias, as habilidades e as aptitudes do alumnado egresado constitúe unha constante ansia, xa que iso implicará un maior (re)coñecemento delas por parte de empregadores e da sociedade en xeral.

Neste sentido, a Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña acompaña un sistema que garante a calidade de todos os seus procesos, servizos e titulacións, entendida aquela como a atención sistemática, estruturada e continua, en termos da súa manutención e mellora, a numerosos indicadores considerados medidores de calidade polas entidades avaliadoras correspondentes. No marco das políticas e procesos formativos que se desenvolven quer no conxunto do SUG quer na UDC, este sistema interno de garantía permite a esta facultade demostrar as boas prácticas e o bo desempeño dos seus programas e títulos, ben como o compromiso de executar ou de pór en andamento os medios precisos para tales finalidades. Relativamente a esa vontade de aprimorar os resultados docentes, cómpre ponderarmos que en xuño do ano 2016 a Facultade de Filoloxía recibiu da ACSUG a certificación da implantación do seu Sistema de Garantía de Calidade.

Para desenvolver, seguir e mellorar o SGIC, vira esencial o traballo da Comisión de Estratexia e de Calidade do centro, cuxa composición e competencias figuran recollidas no artigo 20 do *Regulamento de Réxime Interno* (RRI) da Facultade de Filoloxía.

Durante o curso 2017-2018 realizouse o informe anual de análise de resultados deste para seren incorporadas nas actuacións estratéxicas aquelas melloras que foran recomendadas pola ACSUG. No procedemento PM01 (“Medición, análise e mellora: análise de resultados”) do SGIC da Facultade de Filoloxía recóllese

que a Comisión de Estratexia e Calidade do centro analizará anualmente de forma sistemática toda a información derivada de cada un dos procedementos definidos no SGIC, dando especial relevancia na súa análise aos datos relativos a necesidades, expectativas e satisfacción dos diferentes grupos de interese do centro (PA03), aos resultados académicos (PC11) e á inserción laboral (PC13). Como resultado desta análise, a Comisión de Estratexia e Calidade pode propor, e de feito así o fixo, a modificación dalgún dos procedementos que integran o SGIC. Esta análise realizouse en diferentes encontros da comisión, á medida que se ían coñecendo os indicadores dos diferentes procedementos.

Dentro do ámbito do PM01, foron estudados sistematicamente, cuns datos procedentes dos resultados da análise de cada un dos procedementos definidos no SGIC. Especial relevancia para esta análise teñen os relativos a necesidades, expectativas e satisfacción dos diferentes grupos de intereses (PA03), aos resultados académicos (PC11) e á inserción laboral (PC13). Ofrécese a seguir os indicadores da primeira fase:

PE01	Actualización da política e obxectivos de calidade
PE02	Política de PDI e de PAS da UDC
PE03	Revisión do Plano Estratéxico da Fac. de Fil. 2014-2020
PC01	Oferta formativa da UDC que se elabora no centro
PC02	Revisión e mellora dos títulos oficiais
PC03	Perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes
PC04	Selección, admisión e matriculación de alumnado
PC12	Información pública
PC13.	Inserción laboral
PC14	Obxectivos do plano de estudos
PA01	Xestión dos documentos e das evidencias
PA02	Suspensión dun título
PA04	Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións
PA05	Xestión do persoal académico e de administración
PA06	Xestión dos recursos materiais
PA07	Xestión da prestación dos servizos
PA08	Expedición de títulos oficiais

Así pois, no marco da aplicación e desenvolvemento do devandito PM01 a partir destes indicadores, traballouse en varias liñas estratéxicas e leváronse a cabo diversas actuacións específicas. Entre as máis relevantes, sobrancean as seguintes:

- a) En congruencia coa *Normativa sobre asignación e cambio de grupo*⁵, elaborada no curso anterior, modificación no sistema de asignación de grupos de docencia, o que trouxo consigo que se producisen moitísimas menos solicitudes de mudanza do que en anteriores cursos académicos.
- b) En coherencia tamén coa antecitada *Normativa*, actualización constante da composición dos grupos a ter en conta as persoas que se ían

5

matriculando ou que solicitaran xustificadamente mudanza de grupo; exposición desde o primeiro día de aulas, en fronte do tabuleiro xeral dos horarios e datas de exames, da asignación dos grupos de docencia, ben como na páxina web.

c) Actualización do plano de seguimento dos egresados.

d) Actualización e celebración da Xornada de Acollida para alumnado internacional / Welcoming session for international students (06.09.2018) (vid. *infra*).

e) Actualización e celebración das Xornadas de Acollida destinadas ao estudantado de novo ingreso, as cales tiveron lugar durante os días 10-13 de setembro de 2018 (vid. *infra*).

f) Armazenamento, análise e incorporación ao SGIC das peticións, suxestións, queixas, parabenizacións e comentarios diversos que chegan por parte do alumnado e do profesorado en calidade de evidencias.

g) Asistencia por parte do Secretario do centro, Xosé Manuel Sánchez Rei, ás XXVI Xornadas de Orientación Universitaria e Laboral (celebradas durante o mes de abril no CUR e organizadas polo Concello da Coruña e polo Centro Municipal de Información Xuvenil), en que se deu conta, fundamentalmente, das titulacións de grao e de mestrado existentes no centro, dos programas da simultaneidade, dos convenios con universidades estranxeiras e das posibles saídas laborais e profesionais no marco dos estudos lingüísticos e literarios.

h) Celebración e recepción das visitas organizadas arredor do programa “Visita o teu campus” (promovido polo SAPE), nas cales foi presentado o funcionamento da facultade ao alumnado de varios centros de ensino secundario do país: dotacións, equipa decanal, instalacións, posibles saídas profesionais, interrelación da facultade coa vida económica e cultural da comarca etc. (vid. *infra*).

i) Divulgación na maior parte dos centros de ensino secundario do país, e nomeadamente dos da comarca, das titulacións leccionadas na Facultade, quer a través de visitas realizada a eses liceos, quer mediante o envío de información e materiais ou até a través do correo electrónico (vid. *infra*).

l) Elaboración de material informativo destinado a estudantes de bacharelato e de graos en que se informa das titulacións que se ofertan no centro e dos programas de simultaneidade.

m) Encaixamento permanente da distribución en grupos e da nova proposta horaria para a correcta adaptación aos programas da simultaneidade.

n) Promoción das titulacións ministradas no centro en institucións estranxeiras e sinatura de convenios ou reforzo destes para o recoñecemento de duplas titulacións nalgúns graos e mestrados.

ñ) Reforzo da distribución, no primeiro curso dos graos, dun grupo específico (D) para aquelas persoas que se matricularen fóra dos prazos iniciais, de acordo coas coas recomendacións da ACSUG, en que tal proceder foi epigrafado como “boas prácticas”.

No tocante ao PA04 (Procedemento de Apoio 04: Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións), foron tramitados todos os comentarios desta índole.

En resumo, foron recibidas e xestionadas 7 preguntas , 3 parabéns, 0 suxestións e 2 queixas. As vías de entrada foron a través da páxina web (en 5 casos), a través do correo da coordinadora de Erasmuse e Vicedecana (en 4 ocasións) e mediante o correo da Decana (en 2 casos). Canto ao tipo de comunicación, houboas individuais (9), colectivas (1) e corporativas (2).

Relativamente ao proceso seguido, as preguntas foron respondidas a través do medio solicitado, os parabéns rexistráronse no SGIC, as suxestións foron tidas en consideración (e subsecuentemente tivo lugar a sesión informativa que se requería) e, finalmente, no tocante á queixa, segundo o definido no procedemento, solicitouse un informe ao docente implicado; o profesor non realizou a análise que prescribe o procedemento e limitouse a afirmar que o decanato debería realizar unha investigación antes de aceptar e tramitar unha queixa.

2. Programa de Acción Tutorial

Tamén ten grande relevancia o tocante ao PA05, isto é, o Programa de Acción Tutorial (PAT). Como é sabido, a implantación do PAT na Facultade de Filoloxía iniciouse xa no ano académico 2007-2008 coa participación do profesorado que leccionaba aulas no primeiro curso das licenciaturas. Desde entón, o PAT do centro atendeu progresivamente un número maior de estudantes, xa que foi atribuído titor ou titora a todo o alumnado de novo ingreso, quer nas antigas licenciaturas en Filoloxía Galega, Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa (con docencia e asignación de titor/a até ao curso 2012-2013), hoxe extintas, quer nos tres graos ministrados desde o ano académico 2009-2010 na Facultade. Como consecuencia da implantación dos programas de simultaneidade, tamén foi atribuído titor ou titora a cada persoa matriculada neles.

Ao mesmo tempo, igualmente desde ese ano 2009-2010 e até á actualidade, o PAT envolveu o alumnado que se matriculou nos diversos mestrados. No ano académico 2017-2018 e no presente 2018-2019, o PAT continuou a ser unha ferramenta estratéxica para acompañar o estudantado matriculado nas titulacións tanto de grao canto de mestrado, de forma que a todo o alumnado lle foi asignado igualmente un titor ou unha titora.

Todo este programa de asesoramento do estudantado tivo como principais consecuencias as seguintes: en primeiro lugar, o PAT conseguiu abranxer todo o alumnado da facultade. E en segundo lugar, derivado da implantación progresiva dos catro cursos de cada grao e dos diversos mestrados, o número de docentes que participa no PAT conseguiu acrecentarse progresivamente, moito embora fose devagariño e pareza terse estabilizado á volta duns corente membros do PDI. A respecto do curso anterior, aumentou nunha persoa, conforme se pode deducir da tabela a seguir:

Curso	Titoras/es
2011-2012	36
2012-2013	37
2013-2014	43
2014-2015	44
2015-2016	40
2016-2017	41
2017-2018	44
2018-2019	45

Tabela II

Membros do PDI implicados no PAT nos últimos anos

Igualmente, vira preciso deixarmos constancia de a proposta do PAT 2017-2018 ser aprobada en Xunta de Facultade na sesión ordinaria do día 26.07.2016, ao paso que o PAT para o ano curso 2018-2019 foi igualmente refrendado na reunión tamén ordinaria dese mesmo órgano celebrada en 24.07.2018. Por seu turno, no ano académico 2017-2018, o profesorado que participa como titoras/es de intercambio foi incorporado ao PAT, continuando así a práctico do curso anterior.

No PAT, o titor ou titora convoca no mínimo tres reunións co alumnado que orienta (aproximadamente unha no comezo do curso, outra no inicio do segundo cuadrimestre e a terceira ao concluír este). Por petición expresa do estudantado, tamén se poden propor máis encontros para desenvolveren neles cuestións puntuais derivadas do decorrer das aulas. Nas reunións mantidas entre o profesorado implicado no PAT e o seu responsábel, o Prof. Dr. Xoán Luís López Viñas, constitúe un comentario frecuente aquel que sinala o pouco interese en xeral que desperta o programa entre o alumnado. Por isto, nesas mesmas reunións tamén se indica que as entrevistas son unha oportunidade que o titor ou a titora ofrece, mais que a asistencia do alumnado non constitúe unha obriga.

Como conclusión xeral, hai que ponderar en positivo o desenvolvemento do PAT e o esforzo que supón. A través deste programa, conséguese proporcionar ao estudantado un acompañamento totalmente personalizado desde que ingresa no primeiro ano na titulación até finalizar os estudos, o que redundará favorabelmente no desenvolvemento da docencia e no proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias. De aí que o PAT sexa sentido xeralmente como unha relevante actuación que facilita a relación co alumnado e que se torna unha práctica innovadora que favorece a adopción de medidas para aprimoraren a docencia.

C. ACCIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

As actuacións levadas a cabo neste marco estiveron orientadas primordialmente polo principio de melloraren e modernizaren as infraestruturas xa existentes, ben como pola ansia de solucionar algunhas eivas conxunturais que foron xurdindo e de arranxaren determinados desperfectos que foron aparecendo de maneira esporádica ao longo do ano. Para dar conta de todo isto, dispúxose dun orzamento de 8.699,10 € correspondente á partida 625000 (moblaxe e equipamento). Ao mesmo tempo, para as reparacións de carácter ordinario relativas aos edificios, ás instalacións ou aos seus servizos, contouse cun total de 6.334,40 € da partida 21200 (arranxos). Na presente memoria unicamente se sinalarán aquelas actuacións máis relevantes desenvolvidas nese marco.

Canto ás liñas de traballo de que se ocupou a Comisión de Infraestruturas e Servizos, tiveron os ámbitos de operatividade que se comentan a seguir:

- (1) Adquisición de material informático e audiovisual
- (2) Actuacións de carácter xeral

1. Adquisición de material informático e audiovisual

Entre as actuacións efectuadas ao longo do ano 2018, hai que subliñar as seguintes:

- (a) Adquisición dalgúns cabos de conexións informáticas, ratos, teclados e auriculares para reporen outros avariados.
- (b) Adquisición e instalación de 1 proxector Benq MX825ST de enfoque corto para substituír o instalado no seminario 2.
- (c) Adquisición dun escáner documental Brother ADS-2100E para o rexistro da facultade (secretaría do decanato).
- (d) Adquisición de 2 cámaras web con microfone para actualizar os equipos das salas 2.12 e 2.6.

2. Actuacións xerais

Por outra parte, ao longo do ano foron levadas a cabo outras accións desenvolvidas nas instalacións do centro, especialmente en labores de manutención; nalgúñas delas contouse coa axuda de certos servizos da UDC. Entre todas esas actuacións, merecen ser salientadas as seguintes, non referenciadas necesariametne por orde cronolóxica:

- (a) Reorganización, durante o período sen docencia das últimas Ferias de Nadal (decembro de 2017 – xaneiro de 2018), do horario de calefacción nas salas (andares 1 e 2) coa finalidade de aforrar enerxía e diñeiro.
- (b) Incorporación dun programador á caldeira da calefacción da Aula Magna para permitir acender o sistema antes da abertura do edificio e para o espazo estar en condicións aceptábeis nas primeiras horas do día.

- (c) Asignación do gabinete 210 á Profa Dra. Rosario Mascato Rey, do 211 ao Prof. Dr. Ricardo Axeitos Valiño e do 212 ao investigador Jorge Ledo
- (d) Adquisición dunha CPU con destino ao Vicedecanato de Relacións Internacionais e Cultura.
- (e) Reparacións na pérgola do edificio principal encamiñadas a fixaren diversas placas que estaban en perigo de caeren.
- (f) Adquisición e instalación de 2 persianas venecianas para substituíren as estropeadas da administración.
- (g) Acondicionamento da sala 1.11 con 7 mesas elaboradas parcialmente con materiais do antigo laboratorio de idiomas, as cadeiras procedentes da aula de idiomas, unha mesa para profesorado das que estaban sen uso no centro e unha instalación móbil composta por un televisor Hisense H60NEC5600 de 60 polgadas e os seu correspondente soporte, ben como un computador portátil HP 250 G6.
- (h) Adquisición dun atril portátil pregábel con iluminación solicitado para facilitar as presentacións orais dos alumnos.
- (i) Compra dunha trituradora de papel REXEL Auto+ 130X con destino ao negociado de asuntos económicos.
- (l) Adquisición dunha cadeira ergonómica con rodas Ergotango.
- (m) Adquisición e instalación de 2 estores para substituíren persianas venecianas estropeadas en 2 gabinetes
- (n) Adquisición de 16 persianas venecianas para se instalaren en gabinetes
- (ñ) Reparación de diversas persianas
- (o) Retirada e reciclaxe de todos os monitores de TRC e televisores de TRC que non estivesen en uso.
- (p) Adquisición dunha destrutora de papel con destino á sala das caixas de correo.
- (q) Obras e melloras na cafetería, a cargo do SAU (pintura, arranxo do sistema de extracción de ar e fumes, sectorización e mudanza das luminarias por novas de diodos led, ben como incorporación de sensores de luminosidade para o seu acendemento e apagado.
- (r) Adquisición dun repousapés.
- (s) Liberalización de diversos materiais, xa dados de baixa, que permanecen aínda nos armacéns do centro.
- (t) Adquisición de vitrinas para exposición na biblioteca.
- (v) Limpeza do lixo dos fondos da biblioteca.
- (x) Reparacións e accións de manutención xerais do edificio.
- (z) Mercé ao Servizo de Infraestruturas e Urbanismo da UDC, equipamento de diversos gabinetes do 5º andar (9 cadeiras de brazos, persianas nos velux dos gabinetes e pértigas). Por súa vez, grazas ao Servizo de Rede, activación das conexións de telefone e de conexións informáticas e acrecentamento de dous aparellos telefónicos.
- (a') Traballos de manutención e probas de funcionamento do grupo electrógeno.
- (b') Mudanzas necesarias, durante os períodos non lectivos, para a substitución dos fluxómetros de única descarga dos baños do edificio

principal por cisternas de dupla descarga perto das salas 1.13, AulaNet, 1.4 e 1.3. O custo da obra foi asumido na súa totalidade pola Oficina de Medio Ambiente da UDC.

(c') Campañas de desinsectación.

Noutra orde de cousas, por último, hai que sinalar que en meados do primeiro cuadrimestre do curso 2018-2019 comezou unha nova campaña de medición de gas radon en diferentes dependencias da facultade.

D. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLO COMITÉ AMBIENTAL

No tocante ás actividades levadas a cabo polo Comité Ambiental, cómpre sinalarmos que este órgano aprobou o seu plano de acción anual na reunión de 26 de outubro de 2017, cuxa proposta foi levada á sesión da Xunta de Facultade (22.12.2017) e aprobada por asentimento.

Entre as principais accións realizadas polo Comité Ambiental hai que salientar as seguintes:

- a) Sinalización das luminarias que acende cada interruptor nas aulas e espazos de maior uso.
- b) Acrecentamento na porta de cristal do edificio anexo dun logotipo de grande tamaño (campaña OFF da UDC), de forma permanente, que convida a desligar os equipos que non están en funcionamento.
- c) Acrecentamento nalgúns puntos da facultade de lixeiras de recollida separada para papel e envases.
- d) Recollida de equipas en desuso de profesorado, proxectos de investigación ou administración. Comprobouse o estado de cada un deles e as características técnicas, valorizouse o seu aproveitamento e accións consecuentes (baleirado e reutilización, instalación de novo sistema operativo, aproveitamento de pezas, reciclaxe das equipas avariadas sen posibilidade de reparación ou extremadamente obsoletos etc.).
- e) Campaña de sensibilización sobre alimentación saudable mediante cartaces.
- f) Promoción, mediante cartaces nos distintos taboleiros e mediante a páxina web do centro, das actividades para o coñecemento do Monte da Fraga e a contorna e outras actividades da OMA.
- g) Elaboración de compost cos residuos orgánicos da cafetería no período en que estivo en funcionamento.
- h) Realización do *II Ciclo de Charlas Medioambientais da Facultade de Filoloxía* (vid. infra) coordinado pola profesora Carolina Núñez Puente, que comprendeu as seguintes charlas: Dra. Marta Vila Taboada (Facultade de Ciencias, UDC): “Pollinators and Planetary Health”, 16 febreiro 2018; Dra. María J. Servia García (Facultade de Ciencias, UDC): “Freshwater Habitats: Importance and Conservation Challenges”, 16 marzo 2018; Dra. Socorro Castro García (Facultade de Ciencias): “Hydrogen Car: Folly or Car of the Future?”, 13 abril 2018

E. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

A Comisión de Cultura e Extensión Universitaria da Facultade de Filoloxía (CCEU) é consciente de que, para alén das actividades docentes, a vida académica abranxe necesariamente a organización de eventos culturais, investigadores e de transferencia do coñecemento. Estas accións serven non só para a socialización dos membros da comunidade universitaria, isto é, estudantado, profesorado e PAS, mais tamén como promoción da propia facultade e das titulacións que se leccionan nela e, en último caso, tamen da mesma Universidade da Coruña. Por todo isto, após o pertinente prazo para a presentación de solicitudes de subvención de actividades, a CCEU tentou apoiar todas as propostas que lle foron chegando desde os diversos sectores do centro e procurou manter todas aquelas iniciativas tradicionalmente organizadas pola facultade, aplicando os criterios utilizados nos últimos tempos.

Relativamente a cuestións económicas, o orzamento de que dispuxo foi de 5.962'6 € para o ano 2018, cun reservado de 2.350 €

A. Reservado	1. Xornadas orientación laboral	400 €
	2. Premio literario	400 €
	3. Día das Letras Galegas	400 €
	4. Actos da despedida das promocións	800 €
	5. Celebración do magosto	350 €
B. Fondo dispoñíbel para as dúas convocatorias de axuda	Primeira	2.890'08 €
	Segunda	722'52 €
	Total	3.612'6 €
TOTAL		5.962'60 €

Tabela III
Orzamento pormenorizado da CCEU

Mais os actos organizados dentro do marco da extensión universitaria non se cinxiron unicamente ás actividades promovidas pola CCEU, pos é preciso facermos notar que un importante sector do profesorado coordinou ou dirixiu diversos eventos de singular suceso. Así, as principais epígrafes en que se poden resumir todos eses labores son as que seguen:

- (1) Actividades organizadas pola CCEU
- (2) Actividades coordinadas polo profesorado
- (3) Outras actividades

1. Actividades organizadas pola CEEU

1.1. Premio literario

O primeiro acto que debe ser salientado é o *Premio de Creación Literaria e Ensaio*. No marco deste, foron celebrados varios eventos que se sinalan a seguir:

- a) Edición, publicación e distribución da información destinada ao *XXIII Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2017.
- b) Convocatoria do *XXIV Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2018.
- c) Fallo público do *XXIV Premio* e recital, coa intervención de Marica Campo, Rosalía Fernández Rial e Belén López Vázquez escritor e estudioso Damián Álvarez Villalaín (16.05.2018).

1.2. Letras Galegas

Xunto ao antecitado premio, está a Celebración do Día das Letras Galegas 2018, este ano dedicado a María Victoria Moreno. De forma a contribuír para a celebración da efeméride, foi organizado a mesa redonda *Muller e literatura. Perspectivas desde a lingua galega* no día 16.05.2018 en que se contou coa presenza de Marica Campo (escritora), Rosalía Fernández Rial (escritora) e Belén López Vázquez (editora).

1.3. Despedida

No día 8 de xuño, sexta feira, ás 18h00, tivo lugar o acto de despedida das promocións 2014-2018 dos Graos, da promoción 2013 e 2018 dos Programas de Simultaneidade e da promoción 2017-2018 do Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (MIEIAA) na Aula Magna do centro. Interveu, no nome do Excmo. Mgfco Sr. Reitor, a Sra. Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, D^a Nancy Vázquez Veiga, ben como, a Sra. Decana da Facultade de Filoloxía, D^a. María Jesús Lorenzo Modia. Tamén houbo intervencións dos padriños e das madriñas dos catro titulacións, ben como de representantes do estudantado:

- a) Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios, Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios e Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios, Programas de Simultaneidade:

Estudiantado: Camila Bargados Olguín, Elías Rodríguez Fernández e Fernando Freire García

Profesorado: Nieves Pena Sueiro, Ana Veleiro Pérez, Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Manuel Ferreiro, Carolina Núñez Puente, José Liste Noya

- b) Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Estudiantado: María Medín Doce e Pablo Martín Fernández

Profesorado: María Frías Rudolphi

2. Actividades organizadas polo profesorado

Son aquí incluídas as conferencias, congresos, xornadas etc. en que a organización correu fundamentalmente ao cargo do PDI da Facultade de Filoloxía ou dos grupos de investigación que traballan nela, ben como aquelas outras que tiveron lugar nas instalacións do centro. Entre tales actividades, cómpre lembrarmos as que se recollen nesta relación⁶:

Datas	Evento	Conferencista	Título	Organización
18.12.13	Sesións con profesorado convidado no MLCD	C. Campoy	As subalternas e barriga verde	Grupo ILLA
18.12.12	Conferencia	M. P. Zuzankiewicz (U. Varsovia)	La imagen del privado en la emblemática española	Grupo HISPANIA
18.11.30	Conferencia	E. Becerra (UA Madrid)	Introducción al trabajo editorial	Proxecto SURHI / SEGAHI
18.11.15	Conferencia	M. Alvar Ezquerro (U. Complutense)	<i>La Biblioteca Virtual de la Filología Española</i> , una herramienta a nuestro servicio.	Grupo HISPANIA
18.10.31	Palestra	M. Ramon (U. Minho)	Nas margens do cânone da literatura en língua portuguesa: os casos de Timor e de Macau	Grupo ILLA
18.10.26	Conferencia	A. M. Ramos García (U. Granada)	Through the Looking Glass: A Cultural and Linguistic Perspective on Literature in the L2 Class	Grupo CLIN
18.10.23-24	Xornadas	F. Fernández Rei (USC), M. Contini (U. Stendhal, Grenoble), G. Ruffino (U. degli Studi di Palermo), T. Telmon (U. degli Studi di Torino), X. Lamuela (U. Girona), Emiliana Tucci (UDC), B. Buono (USC)	Giornate Internazionali sulla Situazione Linguistica in Italia	Grupo RomanyCom
		C. López & V. Fernández, M.	TIC con TIL. Novas tecnoloxías	C. Lourenzo

⁶ Máis información sobre estas actividades é a que pode verse na páxina web da facultade, sección “Novas” (accesíbel en <https://www.udc.es/filo/actualidade/index.html>).

18.10.17-18	Xornadas	Moreda Leirado, A, Martins, M. Caamaño	aplicadas ao Tratamento Integrado de Linguas	Modia & X. L. López Viñas
18.10.17-19	Xornadas	B. Simal (UDC), C. Parikh (New York University), M. Urdiales (UVigo), J. Liste (UDC), L. Martingano (UDC), S. Villamarín (UDC)	Literature and Globalization II	Grupo Culturas e Literaturas dos Estados Unidos
18.10.16-19	Encontro de Investigadores	A. Apolinário C. da Silva Lourenço (U. Coimbra), J. M. Ribera Llopis (U. Complutense), L. G. Soto (USC), C. Álvarez de Morales Mercado (U. Granada)	Literatura comparada, teoría e crítica literarias	O. Rodríguez González (COMPEXTRA)
18.10.06	Xornadas	A. do Mar, S. Silva,	Jornada Afrogalega. Relações entre género, identidades, línguas, culturas e etnias na Galiza contemporânea	Docentes da Sección Departamental de Galego e Portugues da UDC
18.10.01-02	Conferencia	B. Richardson (N. U. of Ireland)	Voices from the Island: Jorge Luis Borges on Tradition and the Irish Writer	Rede de Lingua e Literatura Inglesa e Identidade III
18.09.27	Conferencia	K. N. March (U. Maine)	Rosalía e outras travestís	Grupo ILLA
18.06.05	Seminario de investigación	I. Verdaguer (U. Barcelona), N. J. Laso (U. Barcelona), M. Villayandre (U. León)	Workshop on Lexical Bundles in Academic Writing,	Grupo LYS
18.05.18	Seminario	S. López Poza (UDC), E. Pardo de Guevara y Valdés & P. S. Otero Piñeyro Maseda (CSIC, IEG Padre Sarmiento), M. Narbona Cárceles (U. Zaragoza). F. Díez Platas, h. M. C. Marín Pina (U. Zaragoza), J. J. García Arranz (U. Extremadura), C. García Román (U. País Vasco), F. Araújo (U. Coimbra), N. Pena Sueiro)	Representación simbólica por la palabra y la imagen: divisas, emblemas y otras agudezas de la cultura visual (siglos XIV-XVII)	SIELAE / Grupo HISPANIA
18.05.10	Seminario	I-F. Rivera Vázquez, M. Vázquez Pozo, F-	Celtismo e cultura atlántica	O. Rodríguez González

		S. López		(COMPEXTRA)
18.05.16	Mesa redonda	M. Campo, R. Fernández Rial, B. López Vázquez	Muller e literatura: perspectivas desde a lingua galega	Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía
18.05.02	Homenaxe	M ^a J. Lorenzo Modia (UDC), T. López (UDC), E. Acín Villa (UDC), M. Casado Velarde (U. Navarra), J. I. Pérez Pascual (UDC) M. Campos Souto (USC) Ú. Abelenda Abelenda (voz) P. Fernández Mirás, T. Costa Lamas T. Paredes Gestal, I. Francos Abad	Cristina Fernández Bernárdez, <i>in memoriam</i> (1968-2018)	Profesorado da Área de Lingua Española da UDC
18.04.24-25	Seminario Internacional de Investigación	J. Bastos da Silva (U. Porto), S. van Dijk (Huygens Inst.), A. Lázaro (U. Alcalá), S. Genieys-Kirk (U. Edinburgh), X. Hurlley (U. Barcelona), A. Monnickendam (UAB), E. Perojo-Arronte (U. Valladolid), E. Shaffer (U. London), J. M. Zarandona (U. Valladolid), A. de Toro (UDC), L. Lojo-Rodríguez (USC)	The Reception of British and Irish Authors in Europe: An Assessment	CLIN Research Group
18.04.12-13	Seminario de investigación	S. López Poza (UDC), M. Pilat Zuzankiewicz (U. Varsovia)	A literatura e o seu contorno sociocultural	Grupo HISPANIA
18.04.13 e 19	Seminario de investigación	R. Antelo (U. Santa Catarina)	Caracterización del surrealismo hispanoamericano	Grupo SURHI
18.04.18	Seminario	A. Sarymsakova	La enseñanza del español a rusohablantes por medio de interacciones.	Profesorado do MILA
18.04.13	Charla	S. Castro García (UDC)	II Ciclo de Charlas Medioambientais: Hydrogen Car: Folly or Car of the Future?	Comité Ambiental da Facultade de Filoloxía
18.04.05	Seminario	E. Maragoto (AGAL), X. R. Freixeiro Mato	Binormativismo na Galiza	Estudantes de 4 ^o do Grao en Galego e

		(UDC)		Portugués
18.03.22	Conferencia	C. Castillo (U. Jaén)	Alonso Castillo Solórzano: el oficio de escritor	Profesorado do MLCD
18.03.16	Charla	M. J. Servia García (UDC)	II Ciclo de Charlas Medioambientais: Freshwater Habitats: Importance and Conservation Challenges	Comité Ambiental da Facultade de Filoloxía
18.04.7-9	Seminario de Investigación	S. López Poza (UDC), S. Grelois (U. Paris Est Créteil), C. Gonzalo García (U. Valladolid)	La recepción de la Literatura	Grupo HISPANIA
18.02.16	Charla	M. Vila Taboada (UDC)	II Ciclo de Charlas Medioambientais: Pollinators and Planetary Health	Comité Ambiental da Facultade de Filoloxía
18.02.16	Seminario	I. Tomassetti (. di Roma-La Sapienza), L. Mosquera Novoa (UDC), J. Tosar López (UDC), J. Whetnall (U. London-Queen Mary), F. J. Novoa Blanco (UDC), C. Tato (UDC), E. Fernández Berrocal (UDC), A. Chas Aguión (UVIGO)	IV Seminario sobre Poesía Cancioneril: De poetas y cancioneros: hacia un nuevo canon de la poesía cuatrocentista	Grupo HISPANIA
18.02.09	Seminario	M. P. García Negro (UDC)	Literatura galega do séc. XIX: metonimia e símbolo da identidade nacional	Grupo ILLA
18.02.01-02	Seminario	A. Martínez Teixeira (U. Lisboa)	Práticas interartes nos séculos XX e XXI: alguns <i>exempla</i> brasileiros	Grupo ILLA

Tabela IV

Resumo de actividades organizadas polo profesorado

En síntese, perante as actividades realizadas, débese salientar tanto a cantidade de actos levados a cabo canto a diversidade da súa natureza, o que redunda de

modo altamente positivo na oferta académica, cultural e investigadora de que é capaz de organizar o profesorado.

3. Outras actividades

No ano 2018, finalmente, foron desenvolvidas diversas actividades de orientación ao estudantado e de promoción das titulacións, e, ao mesmo tempo, tamén se realizaron diversas visitas de varios centros de ensino á Facultade. Todas estas proxeccións dan continuidade a aquelas que se levan realizando nos últimos anos. As visitas que tivo a Facultade de Filoloxía desenvolvéronse ao abeiro do programa “Visita o teu Campus”⁷ desde xaneiro até a abril de 2018 e teñen como destinatario fundamental o alumnado da ESO (de 4º), do Bacharelato e da Formación Profesional. Preténdese con estas actividades que o futuro estudanado universitario coñeza directamente nas propias facultades, da man do profesorado e do alumnado, os títulos de grao que se imparten na UDC, neste caso os leccionados na Facultade de Filoloxía; nese marco, pois, as visitas que se recibiron foron as referidas a seguir:

Datas	Centro	Localidade (Comarca)
1 de febreiro	IES Fragas do Eume	Pontedeume (Ferrolterra)
2 de febreiro	IES Manuel Murguía	Arteixo (A Coruña)
8 de febreiro	IES Ricardo Carballo Calero	Ferrol
9 de febreiro	IES de Breamo	Pontedeume (Ferrolterra)
15 de febreiro	IES de Viós	Abegondo (As Mariñas)
16 de febreiro	CPR Plurilingüe Calasancias	A Coruña
22 de febreiro	IES Eduardo Pondal	Ponteceso (Bergantiños)
23 de febreiro	IES As Mariñas	Betanzos (As Mariñas)
1 de marzo	IES María Casares	Oleiros (A Coruña)
2 de marzo	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros (A Coruña)
9 de marzo	IES de Ortigueira	Ortigueira (A Coruña)
15 de marzo	IES Alfonso X O Sabio	Cambre (A Coruña)
16 de marzo	IES Monte das Moas	A Coruña
23 de marzo	IES Poeta Xosé Díaz Castro	Guitiriz (Terra Chá)
5 de abril	IES Eduardo Blanco Amor	Culleredo (A Coruña)
6 de abril	CPR Padres Franciscanos	Lugo
12 de abril	IES Cabo Ortegale	Cariño (Ortegale)

⁷ Dispoñíbel en https://www.udc.es/sape/futuros_estudantes/

	A Grande Obra de Atocha	A Coruña
13 de abril	IES Monte das Moas	A Coruña
19 de abril	IES María Sarmiento	Viveiro (A Mariña Lucense)
20 de abril	Colexio Calasanz Padres Escolapios	A Coruña
26 de abril	IES Mugardos	Mugardos (Ferrolterra)
	IES Miraflores	Oleiros (A Coruña)
27 de abril	IES Monte Neme	Carballo (Bergantiños)
	IES Fernando Wirtz	A Coruña
04 de maio	Colexio Fillas de Cristo Rei	Oleiros (A Coruña)

Tabela V

Centros implicados no programa “Visita o teu campus”

No tocante a actividades máis específicas, pensadas nomeadamente para a información do alumnado, sobrancean as seguintes, algunhas organizadas conxuntamente coa Comisión de Relacións Internacionais da Facultade de Filoloxía ou con outros órganos da UDC:

- a)** I Xornada de orientación laboral coa intervención de Rosa Villar Mouro (Fundación Universidade da Coruña), coa ponencia “As prácticas remuneradas”, e Vanessa Souto (Profesora de Ensino Medio), coa ponencia “Experiencias dunha graduada de Filoloxía” (28.11.2018).
- a)** 2ª Xornada de acollida para alumnado internacional / Welcoming session for international students 2017-2018 (26.01.2018).
- d)** Xornadas de acollida para novo alumnado de 1º 20018-2019 (10-13.09.2018).
- b)** 1ª Xornada de acollida para alumnado internacional / Welcoming session for international students 2018-2019 (06.09.2018).

Canto aos programas de mobilidade, entre as actuacións desenvolvidas pola Oficina de Relacións Internacionais da UDC e a Comisión de Relacións Internacionais, deuse publicidade ás convocatorias dos programas Erasmus+” e “Bilateral.

F. ESTADO ACTUAL E ACTIVIDADES DO SERVIZO DE BIBLIOTECA

No ano 2018 non houbo importantes mudanzas no funcionamento normal da biblioteca da Facultade. O servizo de Apoio á investigación, creado no ano 2016, ten como obxectivo ofertar ós investigadores da nosa Facultade servizos de autoría e filiación, identidades dixitais, axuda na acreditación en na obtención de sexenios, segue a crecer no ano 2018. Neste ano 5 profesores da nosa facultade presentaron a súas solicitudes de sexenios.

Do punto de vista económico, os datos numéricos son o seguintes:

Orzamentos para fondos bibliográficos	22.002,95€
Orzamento de investigación (grupos, proxectos)	12.279,03€
Orzamento material de oficina	1.328,70 €

Tabela VI

Orzamentos xerais das partidas da Biblioteca

Para alén de asuntos fundamentalmente económicos, o funcionamento da biblioteca pode explicarse a partir das seguintes epígrafes:

- (1) Estado dos fondos
- (2) Persoas usuarias
- (3) Persoal e bolsas de colaboración
- (4) Instalacións e equipamentos
- (5) Tarefas desenvolvidas na biblioteca

1. Estado dos fondos

A compra de material bibliográfico corresponde a solicitudes feitas polo profesorado para apoio á investigación e á docencia, a títulos de bibliografía recomendada nas guías docentes, a solicitudes formuladas polo propio estudantado e a persoas usuarias externas. A maior parte das adquisicións foi feita á Librería Pons, Librería Xiada, Livraria Suévia, Librería Berbiriana e Starkmann. No referente ás Revistas, non houbo novidades en relación ao ano 2017.

Así as cousas, no día 31 de decembro de 2018, a colección da biblioteca constaba de 113.169 monografías en papel. Desa cifra, convén subliñarmos a incorporación de 1.253 volumes de novo ingreso, dos cales 969 chegaron a través da compra e 284 mediante a doazón ou o intercambio. Canto ao fondo de publicacións periódicas, é composto por 1.255 títulos, dos cales 214 están abertos en formato papel e 1.041 fechados. Noutra orde de cousas, o material non libresco da biblioteca (cartaces, discos compactos, DVDs, fotografías etc.) chega á cifra de 5.769.

2. Persoas usuarias e sistemas de empréstimos

Relativamente á utilización que se fixo dos materiais bibliográficos e ao sistema de empréstimos, os datos que se coñecen no día 31 de decembro de 2018 son os que se sinalan a seguir:

Estatística de circulación		
Filoloxía		
Tipo de usuariado	Xaneiro-December 2018	
	Percentaxe	Total
Estudantes	22.5%	2586
Alumnando 3º ciclo	5.6%	642
Persoal adm. e servizos	6.2%	716
Autorizado externo	11.4%	1317
Profesorado	19.8%	2280
Profesorado Visitante	1.0%	114
Estudantes Fin de Farreira	16.9%	1942
Usuario Biblioteca	1.9%	221
Préstamo Interbibliotecario	1.3%	151
Erasmus	3.8%	443
Sénior	0.1%	7
Mestrados	7.3%	839
Bolseiras/os Investigación	2.2%	254
Total	100.0%	11512

Tabela VII
Tipoloxía de utentes do Servizo de Biblioteca

A estes datos debemos sumar o número de renovacións anuais que foron 35.428 items.

3. Persoal e bolsas de colaboración

Noutra orde de cousas, o cadro de persoal da biblioteca mantívose como no ano anterior, segundo se aprecia no cadro a seguir:

Quenda de mañá	
Directora	Marta Lago Méndez
Bibliotecaria	Carmen Rodríguez Veiga
Auxiliar Técnico de Biblioteca	Xerardo Rodríguez Xusto
Quenda de tarde	
Bibliotecaria	Rosa Martínez Val
Auxiliar Técnica de Biblioteca	Patricia Rodríguez Blanco

Tabela VIII
Organización do persoal do Servizo de Biblioteca

Canto ás Bolsas de Biblioteca, en setembro de 2018 incorporáronse dúas novas bolsaes no marco da *Convocatoria de bolsas de colaboración para a formación complementar do estudiantado da Universidade da Coruña. Curso 2018/2019*. A duración das bolsas é de 9 meses entre o día 1 de outubro de 2017 e até ao día 30 de xuño de 2018, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que a dedicación diaria poida exceder as 4 horas. As persoas adxudicatarias das anteditas bolsas foron Laura Eiroa Souto e André Portela Igesias.

4. Instalacións e equipamentos

Ao longo deste ano, hai que sinalar que non houbo mudanzas nos recursos audiovisuais a respecto do ano 2017, que se manteñen como se indica a seguir:

Escáner oficina	1
Escáner uso público	1
Reprodutor DVD / Blu-Ray /VHS	5
TV	2
Equipo dixitalización	2
Reprodutor casetes	2
Lector microfilmes	1

Tabela IX
Medios audiovisuais

No referente aos equipos informáticos xerais, non houbo mudanzas substanciais realtivamente ao ano 2017, segundo se sinala a seguir:

PC oficina	
Dirección	1
Sala de catalogación	2
Mostrador préstamo	1
Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor	1

Opac / PC consulta	
Andar 0	2
Andar -1	1
Andar 1	1
Andar 2	1

PC consulta	
Andar 0	2

Impresoras oficina	
total	4

Impresoras públicas	
Total	2

Tabelas X-XIV
Equipamentos informáticos

No concernente ás instalacións, hai que salientar que a sala de traballo con oito postos continuou a ser uns dos espazos máis solitados durante o ano 2018, a termos en conta o suceso na súa ocupación (100%), mantendo así as proporcións do ano 2107.

5. Traballos no RUC

O RUC (Repositorio Institucional da UDC) recolle, difunde e preserva as publicacións dixitais en acceso aberto, produto da actividade científica e institucional dos membros da institución. Desde a biblioteca do centro son introducidos e publicados os traballos dos investigadores e das investigadoras que así o indicaren, ben como os Traballos de Fin de Grao (TFG) e de Mestrado (TFM) que foren seleccionados polas respectivas comisións.

Traballos Fin de Mestrado (2017/2018)	8
Traballos Fin de Grao (2017/2018)	12
Traballos/artigos do PDI (2018)	17

Tabela XV
Traballos subidos ao RUC

6. Tarefas desenvolvidas na biblioteca

6.1. Traballo técnico

A continuar a liña de anos anteriores, as tarefas máis salientábeis desenvolvidas polo persoal da biblioteca foron as seguintes:

- a) Selección e adquisición dos fondos bibliográficos adecuados ás titulacións impartidas no centro, con especial atención á bibliografía recomendada para as materias leccionadas na facultade. Están dispoñíbeis na biblioteca máis de 90 % dos títulos recomendados e foron adquiridos máis exemplares dos libros solicitados polas persoas usuarias.
- b) Adquisición de obras de novo ingreso para os cursos de grao e para os mestrados. Entre os meses de xullo e setembro actualizouse no programa Millenium, na súa aplicación de reserva de cursos, toda a bibliografía recomendada por profesor e signatura.
- c) Catalogación de todas as monografías de novo ingreso, quer por compra, quer por doazón ou intercambio.
- d) Selección, exposición e renovación das monografías de novo ingreso no lugar do centro acondicionado para tal fin.
- e) Baleirado analítico de todos os artigos publicados polo profesorado da facultade e existentes nas publicacións da biblioteca do centro.
- f) Baleirado de artigos na base de datos Dialnet, que é un portal integrador de recursos (libros, revistas, teses etc.) e unha das principais bases de datos de contidos no mundo hispánico. No seu conxunto, houbo 9 revistas baleiradas.
- h) Baleirado na base de datos Dialnet de monografías publicadas polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña que contiveren traballos publicados polo profesorado da facultade. Neste sentido, baleirouse un total 56 traballos do PDI do centro.

- i) Rexistro automatizado, selado e magnetizado de todos os números de revistas ingresados na hemeroteca.
- l) Control e envío a outras universidades dos duplicados de publicacións periódicas.
- m) Estudo da colección e, se necesario, deslocación ao depósito dos volumes de monografías de escaso emprego.
- n) Realización do inventario dos fondos existentes na biblioteca: ao longo do ano realizáronse diversos recontos dos fondos de libros. Estes traballos serviron para se detectaren documentos extraviados, mal colocados ou deteriorizados.
- ñ) Inventario e actualización de todos os títulos de revistas que enforman a colección da hemeroteca da Facultade; con estas tarefas foron detectados exemplares mal colocados, erros tipográficos no catálogo e varios números desaparecidos.

6.2. Servizo da Apoio á investigación.

A activación deste servizo supuxo a creación e actualización dos perfís dixitais (Orcid, Googl Scholar, reserach id). Tamén se fai necesario ponderar a axuda na consecución de información bibliométrica para a obtención de sexenios, en que se prestou este apoio a 5 membros do PDI.

6.3. Formación

Entre as actividades desenvolvidas polo persoal da biblioteca cómpre salientarmos o curso de presentación do servizo ao alumnado de novo ingreso, organizado no marco das Xornadas de acollida no mes de setembro (*vid. supra*). Tamén se impartiron varios seminarios específicos, pensados nomeadamente para estudiantado dos últimos cursos de grao, dos mestrados e do doutoramento:

- a) Curso sobre iniciación da biblioteca para o estudiantado 1º curso dos graos, cun total de 78 participantes.
- b) Curso sobre recursos de información para estudiantado de TFG, en que participaron 12 estudantes.
- c) Curso sobre recursos electrónicos da BUDC para o alumnado dos mestrados, que tivo 6 estudantes.
- d) Obradoiros do Curso *Comos buscar e usar información para elaborar a tese de doutoramento*, coa participación de 11 estudantes de doutoramento.
- e) Obradoiros do curso *Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto da investigación*, en que participou un total de 5 membros do PDI.

Noutra orde de cousas, a formación recibida polo persoal da biblioteca foi a seguinte

- a) Curso: *Aplicación do marketing de contidos en arquivos, bibliotecas e centros de documentación.*
- b) Curso: *Altmetrics: métricas alternativas para a avaliación científica.*
- c) Curso: *Citas Bibliográficas.*

6.4. Outras actividades

Xa en último lugar, na sección das outras actividades celebradas ou organizadas polo Servizo de Biblioteca, convén pór en destaque as seguintes, como a posta en andamento de varias mostras bibliográficas

- a) Día das letras galegas 2018: exposición bibliográfica de María Victoria Moreno (maio 2018)
- b) O teatro dos nosos avós : coleccións teatrais da primeira metade do século XX (xuño-setembro 2018)
- c) Pearse Hutchinson : o poeta das linguas minorizadas (outubro 2018)
- d) A banda dos libros (novembro-décembro 2018)

Canto ás exposicións que se fixeron, hai que salientar as seguintes:

- a) Cine francés
- b) Cine en portugués
- c) Medo e terror na biblioteca
- d) Literatura feita música
- e) Visibilizar a violencia de xénero
- f) Os libros na literatura e no cine
- g) Teatro na Biblioteca de Filoloxía
- h) Cántame un conto

Ao mesmo tempo, como vén sendo costume todos os anos, ofertanse a outras bibliotecas os duplicados da nosos fondos e fíxoase a *IX Campaña de liberación de libros*.

Xa por último, convén ponderarmos que a Biblioteca tamén está presente nas redes sociais, como *Facebook* (en que diariamente se publica un post con noticias de actualidade), *Pinterest* (en que se acomete a publicación de taboleiros temáticos; neste ano fixéronse varios taboleiros difundindo as coleccións da Biblioteca, ao paso que se continuou a ampliar o *Pinterest* de filmes cunha ficha técnica e cun breve resume do seu argumento; tamén se inaugurou un novo espazo físico na biblioteca e virtual no *Pinterest* chamado “Explora as nosas coleccións”), *Flickr* (a Biblioteca en imaxes) e *Instagram* (nova para a Biblioteca no ano 2018).

G. MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

A Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña aposta firmemente nos programas que facilitan o intercambio de estudantes e de profesorado con outras institucións académicas. Boa proba disto é que se trata do centro que máis alumnado estranxeiro recibe percentual e realmente de toda a UDC. A Comisión de Relacións Internacionais da facultade, presidida pola Sra. Vicedecana Elizabeth Anne Woodward Smith, encarrégase de xestionar eses convenios e de asesorar o estudantado do centro que participa en tales convocatorias de internacionalización, ao paso que tamén se ocupa dos labores de acompañamento de estudantes provenientes do estranxeiro que cursan algunhas materias ou titulacións na Facultade de Filoloxía.

A mobilidade, ao lado da calidade da docencia e da investigación, é considerada presentemente un dos alicerces do ensino universitario e un eixo estratéxico para a propia Facultade e a UDC. Non se torna raro, por tanto, que vire un dos indicadores máis valorizados nas avaliacións das axencias públicas de calidade, do que é plenamente consciente o centro. Neste sentido, varios son os aspectos capaces de sintetizaren a proxección dese intercambio internacional, en harmonía cos programas xa existentes, do tipo Erasmus+, Erasmus Mundus, Leonardo da Vinci etc.⁸ Na reunión da Xunta de Facultade de 24.07.2017 aprobouse por asentimento a actualización de nomeamentos de titoras e titores académicos de intercambio propostos, cuxa figura vén recollida no *Regulamento de Mobilidade Internacional da UDC* (aprobado polo Consello de Goberno do día 20.12.2012).

No xeral, o ámbito da internacionalización pode resumirse nas seguintes seccións:

- (1) Visitas de profesorado doutras universidades
- (2) Profesorado participante da facultade
- (3) Alumnado implicado nos programas
- (4) Convenios

1. Visitas de profesorado doutras universidades

Ao longo do ano 2018, no marco do programa de mobilidade Erasmus, a Facultade recibiu 6 visitas:

Docente	Institución de de orixe	Datas	Programa de mobilidade
Ciccarello, Domenico (biblioteca)	Universidade de Palermo	04-06.09.2018	STT
Pilat Zuzankiewicz, Marta	Universidade de Varsovia	8-14.04.2018	STA
Pilat Zuzankiewicz, Marta	Universidade de Varsovia	10-15.12.2018	STA

⁸ Vid. <http://www.udc.es/ori/internacionalizacion/index.html>.

Wojciechowski, Pawel	Ateneum, Gdansk	5-9.03.2018	STA
Martinez Teixeira, Alva	Universidade de Lisboa	31.01-02-02.2018	STA
Ramon, Micaela	Universidade do Minho	29.09-02.10.2018	STA
Hwaszcz, Krzysztof	Universidade de Wroclaw	09-13.04.2018	STA
Grelois, S�everine	Universidade de Paris Est-Creteil	29.10-02.11.2018	STA

Tabela XVI
PDI entrante

2. Profesorado participante da facultade

Ao mesmo tempo, tendo en conta os datos dispo n beis presentemente, participaron en acci ns de internacionalizaci n as seguintes persoas do centro:

Docente	Instituci�n de destino	Datas	Programa de mobilidade
Pena Sueiro, Nieves	Universidade de Verona	26-20.11.2018	Erasmus STA
L�pez Fern�ndez, Teresa	La Sapienza (Roma)	11-12.12.2018	Erasmus STA

Tabela XVII
PDI saliente

Igualmente, moito embora non te a de constar nesta relaci n, tam n hai que facer referencia ao profesorado que realizou durante o ano 2018 estadias docentes ou de pesquisas no marco doutros programas ou circunstancias acad micas (licenzas sab ticas, encontros de investigaci n, seminarios en instituci ns diferentes da UDC etc.), contribui ndo as  para proxectar no exterior o centro e a propia universidade.

3. Alumnado implicado nos programas

Tal como foi sinalado m is arriba, a Facultade de Filolox a   o centro da Universidade da Coru a que maior n mero de estudantado estranxeiro recibe nas s as salas, o que a converte sen d bida nunha das referencias na internacionalizaci n do alumnado. En cifras globais, centr ndonos no segundo cuatrimestre do curso 2017-2018 e no primeiro cuatrimestre do ano 2018-2019 recib ronse 40 estudantes⁹; ese alumnado   procedente de diversos pa ses americanos, asi ticos e europeos: Alema a, Brasil, China, Corea do Sur, Estados Unidos, Federaci n Rusa, Finlandia, Franza, Hungr a, Irlanda, Italia,

⁹ Incl e unha alumna realizando o programa dual coa Universidade de Gales do Sur (USW).

Lituania, Letonia, México, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romenia, Turquía, Uruguai ou Xapón.

Por súa vez, canto ao estudiantado de aquí, no segundo cuadrimestre do curso 2017-2018, 30 persoas da facultade (nas modalidades de continuación / ampliación e novas incorporacións) decidiron envolverse nestes programas de mobilidade e foron cursar unha parte dos seus estudos ás universidades con que existen tales acordo. No tocante ao ano 2018-2019, houbo 18 estudantes saíntes.

4. Labores de divulgación

Unha tarefa importante para promocionar a posibilidade de cursar estudos fóra asenta nas actividades destinadas a divulgaren tal alternativa. Por iso, para alén de responder puntualmente as dúbidas que puideren xurdir entre o alumnado relativas aos programas de mobilidade, foron celebrados varios encontros co estudiantado para lle explicar como participar neses programas.

- a) Sesión informativa para a mobilidade internacional centrada en recomendacións para as persoas candidatas asignadas (03.04.2018).
- b) Sesión informativa para a mobilidade internacional centrada na 2ª convocatoria (10.04.2018).
- c) Encontro sobre posibilidades das mobilidades Erasmus + e Bilaterais no marco do duplo grao en Inglés UDC-USW (04.12.2018).

Ao mesmo tempo, durante o curso 2017-2018 foi desenvolvido un programa de mentorización do alumnado extranxeiro da facultade. Isto levouse a cabo por medio de dous membros estudiantado galego seleccionados para a bolsa destianda a tal fin.

5. Convenios

Finalmente, ao longo do ano 2018 foron renovados ou tramitados convenios con diferentes universidades que posibilitarán novas modalidades de intercambio ou que contribuirán para asentar as xa existentes (College of Holy Cross, USA; University of South Wales, UK; Dublin City University, Irlanda; Instituto de Lingüística Aplicada da AMU de Poznań, Polonia; University of Stip, Macedonia; University of Liberec, República Checa; etc.). Ao mesmo tempo, recibíuse a visita institucional de Catherine Hyde e Amanda Niedfeldt (Directora de asuntos internacionais e Coordinadora de intercambios, respectivamente) da Universidade de Worcester, Reino Unido (26.11.2018); o tema do encontro foi o incrementao da cooperación. Tamén se mantiveron diferentes reunións durante o ano con representantes da Universidade de Beihua (China) de forma a estudar algunha posibilidades de colaboración.